



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VALENCIA COA FINALIDADE DE CONTRIBUIR A ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS ACOLLIDOS NO CENTRO DE DÍA, DE VALENCIA (VENEZUELA).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Hermandad Gallega de Valencia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata ao 25 de novembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente Convenio co fin de contribuír ao financiamento do custo derivado das persoas galegas acollidas no Centro de Día da Hermandad Gallega de Valencia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Hermandad Gallega de Valencia en Venezuela é unha entidade sen ánimo de lucro, e está inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade, que ten entre outros fins o acollemento dos emigrantes galegos residentes na súa área xeográfica así como a difusión dos valores tradicionais, sociais e culturais de Galicia neste estado e que agrupa actualmente a máis de mil douscentos emigrantes galegos e os seus descendentes.

Esta entidade está a desenvolver unha destacada labor social coa que trata de facer efectiva a mellora da calidade de vida dos anciáns pertencentes á colectividade galega emigrante, para o que conta cun Centro de Día que é unha instalación especializada na terceira idade, onde un grupo de profesionais se adica á prevención, tratamento e coidado das persoas maiores, funcionando ó longo da semana, o que lle permite ós acollidos continuar nas súas casas pasando as noites e os fins de semana, o que fai que non exista unha desvinculación total co seu entorno de referencia ó tratarse de





persoas que non se atopan nunha situación de total dependencia, onde desenvolve, entre outros, programas de fisioterapia, actividades socioasistenciais, atención médica e alimentaria. Actualmente entre os acollidos figuran un total de 24 persoas de orixe galego.

A Hermandad Gallega de Valencia en Venezuela é a entidade galega de referencia en Valencia agrupando actualmente a máis de mil douscentos socios emigrantes galegos e os seus descendentes, representativos da importante colonia galega residente en dita cidade e a súa área xeográfica, susceptible e potencial colectivo de persoas ás que están dirixidos os programas e as actuacións que executa a Secretaría Xeral da Emigración coa que está colaborando activamente.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os sevizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio un total dez mil euros (10.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

A previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos de gastos de escasa contía por importe inferior a 1.000 € mediante o recibo do provedor fundaméntase, por unha banda, na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan que teñen que afrontar con carácter inmediato, mediante o seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade, e por outra, pola propia operativa do sistema bancario e da normativa do país que non obriga a efectuar o pago





deste tipo de gastos a través de entidades bancarias, admitindo como xustificante de pago a propia factura, sen máis, posto que esta non se emite ata que estee efectuado o seu pagamento, e os provedores dos bens ou servizos non efectúan o subministro se non se lle fai o pago en efectivo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

